




LABV.2


LABORATORIO
SEGUNDA
VERSIÓN

DAMA convoca a **IV edición do Laboratorio Segunda Versión**, primeiro laboratorio nacional de creación audiovisual dirixido a autores e autoras maiores de 50 anos.




BASES PARA A PARTICIPACIÓN

- Os aspirantes terán 50 ou máis anos no momento de presentación da solicitude e residirán en España.
- As solicitudes serán individuais. Admitirase unha única solicitude por aspirante. No caso de coautorías, cada autor/a terá que realizar unha solicitude individual e cumprir os requisitos de idade e residencia.
- Os proxectos poderán ter un máximo de dous coautores.
- Os proxectos serán de ficción audiovisual para longametraxes, series ou miniseries.
- Os proxectos poderán presentarse en calquera das linguas oficiais de España.
- As propostas presentadas deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirá ningunha adaptación de obras preexistentes (como curtametraxes, novelas ou obras de teatro), incluso cando os seus autores ou coautores fosen os propios aspirantes.
- Os proxectos presentados deben ser froito da creación intelectual dos seus autores, como persoas físicas. En ningún caso poden ter sido creados por ferramentas de intelixencia artificial xenerativa. De ser así, a candidatura será descartada.
- Quedan excluídas aquelas sinopses que fosen desenvolvidas e producidas. Tamén as que se atopen afectadas por acordos de produción, opción ou outros que dalgún xeito limiten a súa disposición.



Do mesmo xeito, non se poden presentar proxectos que concorran a outros premios ou concursos durante o desenvolvemento desta convocatoria e estean pendentes de resolución. Pola contra, pódense presentar aqueles proxectos que fosen seleccionados ou premiados en concursos xa finalizados.

- **O prazo de recepción de proxectos será do 5 ao 27 de novembro de 2025 ás 11:00h (hora peninsular)**
- A presentación farase pola aplicación habilitada na web de **DAMA** e non se aceptarán solicitudes presentadas por outros medios (nin por correo electrónico nin en persoa).



DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- **PROXECTO: un único arquivo en pdf** que conste de:
 - Sinopse do proxecto na que se desenvolva a trama e a temática e que constará dunha páxina.
 - Memoria detallada do proxecto, cunha extensión máxima de dúas páxinas.
 - Carta de motivación do autor/a cunha extensión máxima dunha páxina.
 - Traxectoria profesional do autor/a incluíndo filmografía cunha extensión máxima dunha páxina.
- **Fotocopia do documento de identificación** (D.N.I., pasaporte ou N.I.E.).
- Declaración relativa a que o aspirante que presenta o proxecto é autor/a e titular de tódolos dereitos de propiedade intelectual da obra presentada e que se trata dunha obra orixinal que non é adaptación doutra preexistente. Esta declaración responsable tamén manifestará que a obra non foi premiada ou está incluída nalgún certame pendente de elixir gañador, e que non está en fase de produción nin existe contrato ningún para levala a cabo.

IMPORTANTE: Calquera documentación extra como referencias visuais, gráficas, mencións a reparto etc., non se prestará a valoración por parte do xurado. Serán descartados aqueles proxectos que inclúan imaxes xeradas con intelixencia artificial.




SELECCIÓN DE SOLICITUDES E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Xurado estará formado por autores e profesionais do sector audiovisual, que serán elixidos segundo criterios de paridade de sexo.

O xurado seleccionará os seis proxectos participantes en función dos seguintes criterios de valoración:

- 1.** Calidade creativa e cultural da proposta.
- 2.** Será imprescindible que o/a solicitante teña escrita e/ou dirixida polo menos unha película de ficción estreada comercialmente e/ou en festivais ou que teña participado polo menos nun capítulo dunha serie emitida como guionista ou director en televisión ou plataforma de vídeo baixo demanda.
- 3.** Propiciarase a paridade entre os seleccionados no laboratorio
- 4.** Os proxectos finalistas terán unha entrevista persoal antes da resolución final.



RECURSOS QUE OFRECE O LABORATORIO

SEGUNDA VERSIÓN

- Achega económica de **SEIS MIL euros (6.000€)** a cada proxecto seleccionado para participar no laboratorio en concepto de axuda ao desenvolvemento. A devandita cantidade será pagada por **DAMA** aos 6 proxectos seleccionados en dous prazos, un ao inicio e outro á finalización. **A esta achega aplicaráselle a correspondente tributación de conformidades coa lexislación vixente. O pagamento farase nunha conta bancaria de titularidade do beneficiario/a.** En caso de obras en coautoría, a achega económica repartirase entre os dous coautores a partes iguais.
- Un programa de **asesoría de mentores**: 6 cineastas e creadores audiovisuais de recoñecido prestixio asesorarán os titorizados durante 6 meses cunha periodicidade dunha ou dúas sesións mensuais que terán lugar de forma presencial ou virtual. **DAMA** proverá de espazos para que os titorizados poidan realizar as mentorías. O programa de formación complétase con clases maxistras, obradoiros e xuntanzas.
- Os participantes terán atención continuada por parte do equipo de coordinación do laboratorio.
- **DAMA** facilitará aos titorizados participación física ou virtual nas actividades do programa.




- Os participantes poderán **presentar os resultados da súa formación a produtores** e outros axentes da industria nunha sesión de pitch ao finalizar o laboratorio.
- Os participantes terán a oportunidades de deseñar un completo dossier de venta.
- Para aquelas formacións e presentacións que **DAMA** determine oportuno, cando o participante non resida en Madrid, e xustifique a necesidade de desprazamento, poderá solicitar a autorización de gastos de desprazamento e hospedaxe. Só se reintegrarán gastos previamente autorizados.



OBRIGACIÓNS DOS PARTICIPANTES NO LABORATORIO SEGUNDA VERSIÓN

Os participantes en Segunda Versión comprométense ao seguinte:


- Comunicar nun prazo de 7 días naturais desde que se lles comunique que foron seleccionados para participar, se deciden participar no laboratorio ou declinan a devandita participación. De non contestar nese prazo, perderán a posibilidade de participar, así como o dereito a percibir a achega económica.
- Realizar e finalizar todo o proceso de formación.
- Asistir a tódalas actividades programadas pola coordinación do laboratorio.
- Asistir ás reunións previamente pactadas cos titores, ben en formato presencial ou online.
- Cumprir co calendario de actividades e presentación de traballos establecidos polo titor ou os titores para o correcto cumprimento das distintas fases de desenvolvemento do proxecto.
- Facer bo uso das instalacións e destinar as salas que se lles asignen exclusivamente como espazos de traballo.




- Non presentar a sinopse nin ningunha obra derivada da mesma a ningún outro concurso ou certame ata que non finalice totalmente este programa. Desde o inicio da presente convocatoria ata a finalización do laboratorio, non é posible presentar este proxecto a outras residencias ou laboratorios.
- No caso de que os proxectos gañadores sexan finalmente producidos, os gañadores comprométense a incluír nos títulos de crédito de cabeceira a súa identificación como gañadores da **IV Edición do Laboratorio DAMA Segunda Versión**. Os proxectos gañadores tamén deberán incluír esa identificación nos contratos de cesión de dereitos que, no seu caso, se celebren, de modo tal que os cesionarios asuman a expresada obriga de reflexo da condición de gañadores. De igual xeito, en calquera contrato de produción ou doutra natureza relacionado ou respecto á sinopse, obra resultante ou de calquera elemento das mesmas deberán incluír a mencionada identificación.
- Así mesmo, os gañadores autorizan a **DAMA**, así como a terceiros autorizados por esta, á utilización da súa imaxe, nome e apelidos, e calquera outro dato relacionado co proxecto e coas súas carreiras artísticas, para documentar o proceso de desenvolvemento do programa, así como para actividades publicitarias do mesmo.
- Os gañadores autorizan a **DAMA** a compartir fragmentos das súas futuras obras que se creen dentro do laboratorio, coa exclusiva finalidade de dar difusión e promocionar o proxecto de laboratorio levado a cabo. Esta facultade exercitarase de boa fe, sen prexudicar a normal explotación da obra, conforme aos usos do mercado respecto dos tráileres, e, en caso necesario, en coordinación cos propios autores e produtores. Cando sexa necesario, o participante reflectirá a expresada autorización nos futuros contratos que celebre respecto á obra resultante.




- O incumprimento das bases ou de calquera dos requisitos para a participación, a falsidade de calquera dos datos aportados, así como a non finalización do programa suporía a renuncia aos seus dereitos e á súa condición de gañadores e no seu caso a devolución íntegra da dotación económica concedida.
- A solicitude de participación no laboratorio Segunda Versión implica a aceptación completa das bases, cuxa interpretación última corresponde á organización. Supón tamén a aceptación das decisións da organización e as que adopte o xurado.
- Non se aceptarán os proxectos que cheguen fóra de prazo ou os que non cumpran os requisitos establecidos.
- As deliberacións e votacións do xurado serán secretas.
- Só se farán públicos os nomes dos gañadores e das gañadoras, naqueles medios que a organización estime oportuno, entre outros, a web de **DAMA**, os seus perfís en redes sociais e a web do laboratorio. É dicir, non se farán comunicacións de xeito individual.
- A organización poderá publicar documentos complementarios das presentes bases co fin de facilitar aclaracións, matizacións, puntualizacións ou correccións materiais, sempre que non contradigan o aquí regulamentado nin causen prexuízos a terceiros respecto a dereitos adquiridos. A organización poderá establecer modificacións no calendario, se resultase necesario para o seu correcto desenvolvemento, sempre coa maior coordinación posible coas persoas afectadas.



- A organización de Segunda Versión eliminará as copias no seu poder das sinopses recibidas non premiadas, unha vez finalizada a correspondente edición do laboratorio.
- A participación no concurso implica que se dá o consentimento para trasladar toda a documentación remitida aos membros do xurado e aos colaboradores administrativos ou técnicos relacionados coa execución do concurso. Do mesmo xeito, os participantes autorizan a **DAMA** a tradución da documentación presentada ao castelán, coa única finalidade de que poidan ser tidas en conta polo xurado, tralo que as devanditas traducións serán destruídas.
- Os participantes son responsables da súa declaración sobre autoría e orixinalidade, deixando indemne a **DAMA** en caso de calquera reclamación por parte de terceiros.
- **DAMA** non asume ningún compromiso respecto da posible produción dos proxectos. Os proxectos desenvolvidos serán propiedade dos concursantes seleccionados e, no seu caso, dos seus cesionarios.
- Toda información e datos persoais que subministren os participantes teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións contempladas pola lexislación vixente.
- En cumprimento do Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos.



- Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e resto de normativa vixente, **DAMA** informa que se tratarán os datos de carácter persoal que se faciliten no formulario de rexistro do concurso, coa finalidade de xestionar a participación (organización, difusión e comunicación precisa) no concurso para o que foron recollidos. Os datos conservaranse durante todo o tempo no que esta relación subsista, e aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas da mesma.
- Así mesmo, os datos que se recollan a través da web habilitada para o concurso quedarán suxeitos ao aviso legal e política de privacidade especificados na devandita web.
- Os concursantes poderán exercer os seus Dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación do tratamento, Oposición e Portabilidade dos datos, dirixíndose a **DAMA** (Gran Vía de San Francisco, 8 – 28005 – Madrid), mediante comunicación por carta certificada ou ao correo electrónico dama@damautor.es, sempre identificándose adecuadamente. Ademais, poderán presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.



LABV.2

LABORATORIO
SEGUNDA
VERSIÓN

